

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



CPI. PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO  
BOQUEIXÓN (2019-2020)



## ÍNDICE

1. Contexto do PLC no CPI. Antonio Orza Couto .....	p. 3
2. Obxectivos .....	p. 4
2.1. Informe do estado da cuestión .....	p. 4
2.1.1. Primeiro nivel de análise .....	p. 6
2.1.2. Segundo nivel de análise .....	p. 8
2.1.3. Terceiro nivel de análise .....	p. 15
2.2. Concreción de obxectivos .....	p. 16
2.3. Indicacións de éxito .....	p. 19
3. Propostas de actuación .....	p. 22
3.1. Medidas de actuación dentro do centro .....	p. 22
3.1.1. Os proxectos lingüísticos .....	p. 22
3.1.2. Os outros proxectos/programas educativos do centro ...	p. 25
3.2. Medidas de actuación fóra do centro .....	p. 28
4. Persoal implicado, recursos necesarios e temporalización .....	p. 29
4.1. Persoal implicado .....	p. 29
4.2. Recursos necesarios .....	p. 30
4.3. Temporalización .....	p. 31
5. Mecanismos e indicadores de avaliación .....	p. 32
5.1. Auto avaliación dos resultados do proxecto.....	p. 32
5.2. Indicadores de avaliación .....	p. 32
5.2.1. Para o proxecto .....	p. 32
5.2.2. Para o alumnado .....	p. 34
5.3. Propostas de mellora .....	p. 36
6. Propostas de formación do profesorado .....	p. 36
7. Mecanismos de seguemento e avaliación .....	p. 37
7.1. Memorias .....	p. 37
7.1.1. Memoria de desenvolvemento .....	p. 37
7.1.2. Memoria de autoavaliación .....	p. 37
7.2. Informe de resultados .....	p. 38
7.2.1. Avaliación diagnóstica .....	p. 38
7.2.2. Avaliación e autoavaliación do alumnado .....	p. 39
7.2.3. Avaliación e autoavaliación do profesorado .....	p. 40
8. Conclusións do PLC do CPI. Antonio Orza Couto .....	p. 43
Leis Referenciadas .....	p. 44



## 1. Contexto do PLC do CPIP Antonio Orza Couto



ED. INFANTIL , 1º e 2º DE ED. PRIMARIA



3º, 4º, 5º E 6º DE ED. PRIMARIA



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O presente documento, o Proxecto Lingüístico de Centro (en diante PLC), nace coa intencionalidade final de realizar unha xestión ecolóxica das linguas (Sagasta Errasti, M<sup>a</sup> Pilar e Sainz Osinaga, Matilde) procurando así que a aprendizaxe de cada unha delas non se realice de maneira independente, como se non influíra no contexto das demais, desta maneira trata de cohesionar outros proxectos de carácter lingüístico e non especificamente relacionados coa lingua que xa se veñen desenvolvendo neste centro ou que se pretenden iniciar en cursos sucesivos. Non se trata de construír un “falante monolingüe múltiple” (Grosjean, 1989, Cook, 1995, Herdina e Jessner, 2002), senón de procurar que, cos mecanismos de acción dispoñibles o alumnado acade unha competencia comunicativa nas diferentes linguas nas que aprende, dentro e fóra deste centro educativo.

O PLC elabórase partindo das leis normativas que se delimitan no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG 29/06/2007) e así como do Decreto 79/2010, do 20 de maio, polo que se regula o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010). Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG. 20/05/2011). Por último, temos en conta, a formación do profesorado en linguas, a través das propostas que se veñen realizando nas convocatorias de formación específica, como o plan PIALE, as realizadas a través do Centro de Formación Docente no contexto galego, así como algunhas propostas europeas.

O PLC forma parte do Proxecto Educativo de Centro. Neste sentido o centro e a súa Comunidade Educativa (centro, contexto e familias) asumen e colaboran nas propostas marcadas, co fin de acadar no alumnado de dito centro o dominio, tanto oral como escrito, das linguas que conforman a realidade do noso Centro Educativo (Galego, Castelán, Inglés e Francés).

## 2. Obxectivos

Un proxecto educativo inclúe unha serie de obxectivos vinculantes que se establecen en base a uns criterios específicos, establecidos tendo en conta o punto do que partimos e o lugar ao que pretendemos chegar unha vez aplicado un proxecto común e comunitario coma este. Polo tanto, este punto inclúe en si mesmo tres apartados que debemos contemplar na súa complexidade e totalidade, para comprender as posibilidades deste proxecto e a súa intencionalidade final. Eses apartados son:

- Informe do estado da cuestión (avaliación diagnóstica). Análise do nivel de competencia lingüística do alumnado e o profesorado (uso e estratexias de aprendizaxe)
- Obxectivos de mellora. Estes deben establecerse como operativos, concretos e precisos, procurando un equilibrio entre a mellora razoable e a conciencia do posible dentro do ámbito de actuación do centro educativo e do seu profesorado para marcar as posibilidades de éxito.
- Indicacións para o desenvolvemento do proxecto, a curto, medio e longo prazo, así como por etapas e niveis educativos.

Nas seguintes liñas detállase cada un destes apartados.

### **Informe do estado da cuestión**

Este apartado, denominado *Informe do estado da cuestión*, implica a realización dunha avaliación diagnóstica, e polo tanto, de carácter inicial. Trátase de realizar unha análise do nivel de competencia lingüística do alumnado e o profesorado, en función do uso das linguas e das estratexias de aprendizaxe.

O Proxecto Educativo do CPI. Antonio Orza Couto reflicte que estamos nun centro educativo que se circunscribe dentro da Comarca de Santiago, no municipio de Boqueixón, lugar do que destaca o seu mirador, o Pico Sacro (530 m. de altitude). Confórmase como unha zona agrícola e forestal, dominada por prados e plantacións de eucaliptos e na parte máis elevada matorrais. Boqueixón é un concello conformado de parroquias e aldeas dispersas e o centro educativo está situado xunto ao concello e o centro médico en O Forte. Atópase a uns 16 km. da cidade de Santiago de Compostela.

Respecto ás linguas e ao seu uso socio-cultural, especificamente, podemos dicir que a lingua de uso cotiá e maioritaria é o galego, como constatamos dos dato obtidos.

Dentro do contexto escolar, para coñecer o estado da cuestión de maneira constatable e o máis real posible, realizamos unha serie de análises. Estas análises pasan por diferentes filtros de cuantificación e cualificación no coñecemento da realidade lingüística do noso centro. A primeira ten que ver co uso que o profesorado realiza das linguas nos seus materiais e explicacións na aula respecto da aprendizaxe dos contidos específicos (estruturados en materias educativas). O segundo nivel de análise, realizado a partir dun estudo básico de percepción, ten que ver co coñecemento e utilización que pensan que fan alumnado e profesorado do noso centro educativo. O último nivel de análise pretende realizar unha triangulación superficial dos datos obtidos nos niveis de análise anteriores, para acadar unha comprensión da realidade lingüística do noso centro educativo.

### Primeiro nivel de análise

Este primeiro nivel de análise pretende expoñer a realidade lingüística dentro das aulas, sexan estas específicas ou non de linguas. Con isto poderemos observar a interacción (posibilidade) do alumnado coas linguas que oferta o noso centro educativo actualmente e de xeito cuantitativo.

A estratexia metodolóxica desta análise circunscríbese a coñecer a porcentaxe de uso que o profesorado indica que fai de cada lingua, en relación ao número de horas que o alumnado ten como lectivas dentro do horario que permanece no centro educativo, en consonancia ao establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, polo que se regula o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010).

Presentamos nas seguintes liñas, os datos relacionados co contacto coas linguas que, segundo a análise do horario semanal, se realizan no noso centro:

- Infantil: 80% en galego; 15% en castelán, 4% en inglés-materia específica e 1% de inclusión da lingua inglesa na actividade ordinaria. O inglés como materia está establecido nunha sesión semanal levada a cabo nunha sesión por idade, en 3, 4 e 5 anos.
- 1º de primaria: 48% en galego; 40% en castelán, 8% en inglés- materia específica, 4% en inglés-plástica (dentro do programa de plurilingüismo).
- 2º de primaria: 44% en galego; 44% en castelán e 8% en inglés-materia, 4% en inglés-plástica (dentro do programa de plurilingüismo).
- 3º de primaria: 43% en galego; 43% en castelán e 12% en inglés-materia.
- 4º de primaria: 44% en galego; 44% en castelán e 12% en inglés-materia.
- 5º de primaria: 48% en galego; 40% en castelán e 12% en inglés-materia.
- 6º de primaria: 48% en galego; 40% en castelán e 12% en inglés-materia.
- 1º ESO: 41,93% en galego, 41,93% en castelán, 9,67% en inglés- materia, 6,45% en francés-materia.
- 2º ESO: 38,70% en galego, 45,16% en castelán, 9,67% en inglés- materia, 6,45% en francés- materia.
- 3º ESO: 41,93% en galego, 48,38% en castelán, 9,67% en inglés- materia, e opcional un 6,45% en francés-materia.
- 4º ESO: 45,16% en galego, 45,16% en castelán, 9,67% en inglés- materia e opcional un 9,67% en francés-materia.

A raíz destes datos podemos considerar que a inclusión das linguas estranxeiras no centro son menores, e realizadas sobre todo no contexto de materiais específicas. En todo caso, valoramos a intencionalidade que se produce na etapa infantil e primaria para incluír o inglés no contido non específico da aprendizaxe desta lingua e ademais dela.



No caso da etapa infantil a inclusión da lingua inglesa realízase no desenvolvemento de tarefas cotiás denominadas como rutinas (Weather, Absences, Level Team, etc.), ademais de realizar un reforzo diario dos contidos (cores, roupa, tempo, membros da familia, etc.). Neste caso, é iniciativa das docentes e a colaboración/axudas/etc. recibida parte unicamente da profesora de inglés que imparte ao alumando de infantil.

No caso de primaria a inclusión da lingua inglesa nunha materia non especificamente relacionada coa aprendizaxe das linguas (plástica), realízase dentro do programa de plurilingüismo que leva funcionando nove cursos consecutivos. Neste caso, unha docente, que conta coa cualificación en inglés adecuada, imparte a plástica de primaria. Contan, ademais coas colaboracións/axudas/etc. que comprende a inclusión neste programa, entre as que destacamos a participación dunha persoa nativa de conversa.

Secundaria non conta, actualmente, con traballos de inclusión ou integración das linguas dentro de materias diferentes ás que se establecen como específicas no ensino das linguas, aínda que nas sesións da aprendizaxe de inglés contan coa participación dunha persoa nativa de conversa.

En todo caso, a influencia do inglés na etapa infantil é dun 5%, na etapa de primaria é dun 12% e na etapa de secundaria é dun 9,67% en relación á carga horaria. Respecto do francés, para esta lingua non se contempla o seu estudo, xa que, aínda que esta lingua é ofertada e o centro conta cunha especialista cualificada, non existe demanda. Deste xeito, ata a etapa de secundaria non se estuda francés de maneira regrada, tendo unha incidencia menor ao 10% en todos os cursos da mesma, sendo unha materia obrigatoria nos dous primeiros cursos, cunha carga do 6,45% e optativa en 3º e 4º curso da ESO, chegando a ter unha carga do 9,67% en 4º curso.

## Segundo nivel de análise

En segundo lugar, presentamos os datos e análise preliminar do contexto das linguas a nivel, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo, en base ao estudo de carácter non significativo pero representativo que se realizou especificamente para coñecer o estado das linguas segundo as/os implicadas/os directas/os (o alumnado e o profesorado), baseado nun estudo de percepción moi sinxelo desenvolvido a partir da análise de frecuencias absolutas. Debemos supoñer este apartado como unha auto avaliación do estado das linguas do noso centro.

Consideramos que sería pertinente coñecer estes datos tendo en conta dous axentes implicados no ensino: o alumnado e o profesorado.

Nas seguintes liñas expoñemos brevemente a descrición do centro en relación á competencia lingüística, en función dos datos reflectidos nesa análise do contexto arriba comentada, realizada a través do desenvolvemento de enquisas de opinión e a análise da realidade actual do centro (alumnado e profesorado), así como dos datos recollidos ás familias sobre a lingua materna predominante ao inicio da escolarización infantil dos tres últimos cursos.

A descrición dos datos realízase por etapas, por considerar que é máis operativo para o momento de extraer conclusións que axuden a comprender a nosa realidade educativa, en relación ás linguas, en función do seu coñecemento e uso.

En primeiro lugar, expoñemos os **datos relacionados co alumnado**:

### *Etapa Infantil*

Esta etapa (2º ciclo) destaca polas interaccións espontáneas que se producen entre as tres linguas: o galego, o castelán e o inglés. Debemos considerar que o alumnado, neste momento do seu desenvolvemento, pode utilizar indistintamente unha ou outra lingua, sen chegar a identificala de todo.

Segundo as enquisas familiares o alumnado de infantil utiliza sobre todo o galego. No cómputo xeral do alumnado infantil, un 23% das familias falan o castelán ou prefiren esta lingua para os seus fillos, mentres que algo máis do 77% falan ou indican como preferente o galego. Polo tanto, a lingua vehicular no 2º ciclo de educación infantil neste centro é o galego, coas interaccións nas outras linguas descrito no primeiro nivel de análise.

En primeiro lugar, podemos destacar que o galego é a lingua predominante do espazo familiar e cultural máis achegado do alumnado e que a interacción co castelán prodúcese con total normalidade, polo carácter predominante que ten o castelán nos contextos audiovisuais e socio-culturais seguintes (amizades das familias, grupos sociais alleos á familia e veciñanza, etc.).

En segundo lugar, destacamos a existencia dunha terceira lingua, o inglés, que cumpre a función de “lingua estranxeira” e de introdución “menos natural” na súa aprendizaxe como vehículo de comunicación. Esta introdución da lingua inglesa do alumnado de infantil realízase dentro do horario lectivo, impartíndose 1 sesión por semana, traballo que se vén realizando por idades .


Ademais, como parte da coordinación de ciclo, as titoras colaboran na inmersión desta lingua nas tarefas comúns da aula (na medida das súas posibilidades e competencias) procurando propiciar ambientes naturais de interacción coa lingua estranxeira. Por outra banda, no 2º ciclo de infantil, existe alumnado (arredor do 30%) que asiste a iniciación á lingua inglesa, como unha actividade extraescolar. Este alumnado asiste ás actividades que oferta o concello no propio centro en horario extraescolar e nalgún caso, asiste á aprendizaxe do inglés en academias especializadas.

Esta primeira sondaxe, en canto ao achegamento a linguas estranxeiras, indica que o alumnado da etapa infantil do CPIP Antonio Orza Couto ten un primeiro achegamento a outras linguas e vive con naturalidade a convivencia das linguas galega e castelá, aínda que a súa inmersión debemos considerala moi insuficiente.

### ***Etapa Primaria***

Esta etapa comprende seis cursos e nela destacamos os seguintes datos:

Segundo as/os enquisadas/os a lingua galega predomina na súa utilización sobre o resto das linguas (utilizándose de media, ate un 49,1% sobre o 22,3% de uso do castelán ou un 3,3% de uso do inglés ou francés, en calquera situación). Podemos ver estes datos específicos representados na *Imaxe 1*.



Imaxe 1. Datos do uso das linguas na etapa de primaria

Os datos preliminares indican, ademais, que a influencia do profesorado/estritos<sup>1</sup> parece fundamental na adquisición dunha lingua, na relación en que estes datos destacan sobre os outros, analicemos a lingua que analicemos.


En todo caso, observamos que o uso da lingua castelá queda restrinxido a situacións sociais alleas á familiar e escolar, sendo especialmente destacable o seu emprego nos escritos (ate un 41,1%).

Destaca tamén que o uso das linguas estranxeiras é practicamente inexistente fóra do contexto regrado (o ensino), isto é, coas familias, cos amigos ou noutras situacións. Parece interesante preguntarse que entende o alumnado por “outras situacións” onde responden, tanto no inglés como no francés un 1,78%.

O alumnado coñece e utiliza a lingua francesa, aínda que de forma regrada non está contemplada dentro do horario lectivo, xa que indica a súa utilización noutros contextos.

Isto indica que, ademais da escola, sería prudente considerar que a acción externa é unha maneira de introducir a aprendizaxe da lingua estranxeira, é dicir, desde o Consello Escolar podemos contribuír co desenvolvemento de espazos de aprendizaxe non regrados ou informais. Esta posibilidade non parece contemplarse na actualidade socio cultural do espazo escolar.

<sup>1</sup> Podemos supoñer que, na etapa primaria, os escritos están fundamentalmente dirixidos pola acción docente, na realización de tarefas relacionadas coas actividades do centro ou aspectos d e carácter escolar.




Imaxe 2. Datos de opinión sobre a competencia en linguas na etapa primaria

Cando preguntamos pola competencia que cre ter o alumnado, as respostas difiren en canto a súa apreciación das linguas, predominando a escoita en galego (85,7%) e castelán (80,35%) sobre a escoita en lingua inglesa (21,4%), nesta destaca a escrita (25%). Os datos indican que as linguas nativas (galego e castelán) son apreciadas de maneira similar na escoita, destacando levemente a escrita do galego sobre o castelán. Na oralidade o galego destaca por considerarse con maior competencia.

Neste sentido, podemos afirmar que a competencia parece asociada á asiduidade, destacando a escoita do galego e o castelán, e mesmo do francés, fronte a escrita no inglés (un 25%).

En canto a importancia, debemos ter en conta que o alumnado de primaria ten un contacto coas linguas estranxeiras case exclusivo ao contexto escolar ou académico, polo que a súa importancia está ligada ás relacións que os contextos nos que viven lles propician o uso das linguas. Neste sentido a lingua de maior importancia é o galego (75%) seguida do castelán (64,28%). Ademais, aprecian a importancia do inglés en máis da metade dos casos, cabería preguntarse por que consideran que é importante.

É prudente insistir na incidencia de contextos non regrados ou informais como formas activas de aprendizaxe das linguas, dado que o francés, sen ser unha lingua de estudo oficial na etapa de primaria é respondido por un número discreto de alumnas/os no que se refire ás tres competencias, pero sobre todo á relacionada coa oralidade.



*Imaxe 3. Datos de opinión sobre a importancia das linguas na etapa primaria*


### ***Etapa Secundaria***

O noso centro educativo conta coa etapa obrigatoria (ESO). Nesta etapa destacamos os seguintes datos analizados:

A lingua predominante é o galego sobre o resto das linguas, por enriba do 80% en todos os casos, destacando os amigos e os conserxes no uso do galego. Curiosamente, “outras situacións”, cabería preguntarse que situacións son, o alumnado indica que usa de xeito similar o galego e o castelán (27%). .


En canto ás competencias na escoita que consideran que teñen as/os alumnas/os de ESO podemos comentar que se sintan seguros na escoita do galego, 100% consideran que teñen un moi bo nivel, chegando a un 53% os que consideran que teñen bastante nivel en castelán, bastante competentes no inglés 50% do alumnado e un 38% no francés. En canto á escrita, os niveis máis altos están no galego (65% moito nivel) e castelán (42%). No inglés escrito o 80% do alumnado pensa que ten bastante nivel, e un 42% do alumnado de francés considera que ten algo de nivel.

En relación á fala predomina o galego (84% dos casos pensa que ten bo nivel) seguido do castelán (50% bo nivel). O 46% do alumnado de inglés considera que ten algo de nivel e un 42% ten algo de nivel en francés. Son datos que reflicten o predominio da competencia escrita sobre a oral (escoita e falo) nas linguas estranxeiras, así como unha boa consideración de si mesmos.



*Imaxe 4. Datos do uso das linguas na etapa secundaria*

En canto á importancia que conceden ás linguas observamos aquí as influencias doutros estamentos sociais, ademais da escola e a familia, e as influencias dos medios de comunicación e información. Neste caso, o alumnado de secundaria entende que é máis importante o castelán (92%) seguido do inglés (88%) o galego (73%) e o francés (50%). Isto indícanos unha contradición social que vimos sufrindo ao longo de séculos: por unha banda o predominio do uso da lingua galega e pola outra a importancia que parece ter social e culturalmente o castelán. Ademais, observamos a forte influencia dos medios de información e comunicación no que é a importancia que se lle está a dar ao inglés como lingua vehicular nas relacións internacionais. Así e todo, non debera confundirse a necesidade de comunicarse coa importancia dunha lingua en determinados contextos.




*Imaxe 5. Datos de opinión sobre a importancia das linguas na etapa secundaria*

### ***Profesorado***

Seguindo con esta exposición, preséntanse os datos relacionados co profesorado:

En canto ao **uso da lingua** destacamos que no ámbito familiar hai un predominio da lingua castelá, seguida do galego mentres que as outras linguas apenas se usan, sobre todo o francés. Tamén chama a atención que un 20% non responde ao ítem no caso de castelán e un 81% no de francés. No ámbito escolar hai un predominio do galego sobre o castelán mentres que o uso de inglés e francés non son destacables, exceptuando o seu uso no ámbito do ensino das linguas. Noutros ámbitos hai un lixeiro predominio do castelán sobre o galego, apreciándose unha porcentaxe importante manifesta que nunca emprega o galego; os datos de inglés e francés son similares e non son relevantes polo uso das mesmas.

En canto á **capacitación en linguas**, a maior parte das/os enquisadas/os manifestan ter un dominio moi alto nas linguas galega e castelá á hora da escrita, escoita e fala, baixando un pouco as porcentaxes na escrita en galego. En inglés e francés maniféstase un dominio máis alto na escoita e as porcentaxes baixan no caso da fala. Dúas persoas indican que teñen coñecemento de portugués e italiano e unha de alemán .



*Imaxe 6. Datos de opinión sobre a capacitación en linguas por parte do profesorado*

O último ítem analizado ten que ver coa **dispoñibilidade do profesorado** á hora de mellorar a través da súa formación para a capacitación en linguas. Neste sentido, só o 15,54% do profesorado mostra un interese total por formarse nesta parcela educativa, ate un 42,31% mostra boa dispoñibilidade, existindo un 15% que manifesta que non ten ningún interese.



Como conclusión final resalta o feito de que aínda que se coñecen as dúas linguas (galego e castelán) úsanse segundo o ámbito en que se estea, neste caso a escola, e ademais hai un predominio do castelán se sumamos os outros dous ámbitos.

### **Terceiro nivel de análise**

Este nivel implica a triangulación de datos entre as etapas educativas que teñen que ver co alumnado e a análise dos datos observados no profesorado, na procura de comprender a realidade que se acaba de presentar.

En relación ao alumnado observamos que a lingua predominante na competencia oral é o galego nas etapas infantil e primaria, se ben, na primeira etapa observamos un aumento do uso do castelán nos fogares ou fóra do contexto escolar (segundo os datos das enquisas ás familias). Na etapa secundaria aínda que o galego predomina no uso a importancia da lingua é para o castelán. No contexto educativo, a incidencia de uso do castelán por parte do alumnado aumenta coa idade, como vemos, na etapa de secundaria a importancia do galego pasa a un terceiro lugar en relación á importancia que ten para o alumnado.

Neste nivel de análise lingüística observamos que o alumnado parece utilizar unha lingua ou outra (galego/castelán) de maneira discriminatoria, sobre todo en función da idade (na etapa de secundaria), atopámonos nunha zona dialectal onde a tendencia de uso familiar e estritamente escolar é o galego mentres que a dos amigos ou contextos de ocio é o castelán. Tamén observamos que a importancia das linguas estranxeiras está mediatizada na etapa secundaria polos medios audiovisuais e relacionados coa comunicación de masas (televisión, acceso a Internet, etc.) onde o inglés ten o monopolio comunicativo entre a mocidade.

En canto ás linguas estranxeiras (inglés e francés) podemos dicir que, en xeral, o seu uso circunscríbese á aula na que se imparte. Respecto da etapa infantil, a súa aprendizaxe fóra do centro é considerablemente maior á exercida de maneira consciente dentro do centro escolar. Isto reflicte a importancia que as familias conceden ao seu coñecemento para o futuro dos seus infantes. Respecto á etapa primaria e secundaria a utilización das linguas parece estar circunscrita ao ámbito de aprendizaxe escolar, segundo os datos obtidos. Se ben impártense tamén, desde o concello actividades de aprendizaxe do inglés fóra do tempo lectivo. Podemos indicar que todas as etapas veñen participando de maneira desigual deste recurso. As actividades véñense realizando dúas veces por semana e os cursos que se imparten teñen que ver coa adquisición do A1, o A2, o B1 e o nivel B2. Parte deste alumnado inscríbese para realizar nos meses de verán as probas de Cambridge, para obter o nivel KET.

Podemos indicar, ademais, que o estudo das linguas no alumnado parece moi insuficiente na etapa infantil (ate un 5% inglés e 0% francés) e na secundaria (9,67% inglés e 6,45% o francés obrigatorio), sendo algo máis elevado, cuantitativamente falando na etapa de primaria (ate un 12% da carga horaria semanal o inglés e 0% francés). Na lingua francesa a obrigatoriedade de cursala circunscríbese a dous cursos académicos en toda a escolaridade.

No relativo ao profesorado, os datos recollidos mostran que, en relación ao uso da lingua, destaca o uso do castelán sobre o galego a nivel persoal, sendo moi baixo pouco relevante o uso do resto das linguas neste ámbito. No ámbito profesional docente o galego é usado na maior parte dos casos, existindo unha porcentaxe mínima que indica que non usa o galego na escola. No relativo á capacitación o profesorado síntese preparado para impartir o ensino das linguas maternas (galego e castelán). En inglés e francés manifestase un dominio máis alto na escoita e as porcentaxes baixas no caso da fala. Na dispoñibilidade do profesorado á hora de mellorar a súa formación e capacitación nas linguas é moderada, hai un 15% dos enquisados que manifesta que non ten ningún interese.

Outras conclusións analíticas que poderíamos ter realizado teñen que ver cos carteis indicativos do centro. En xeral están en lingua galega, e con carácter puntual desde os departamentos de inglés (nas tres etapas) e francés (na etapa de secundaria) aparece algún que ilustra o estudo destas linguas no noso centro educativo. En todo caso, o traspaso das linguas a outras áreas do coñecemento son escasas ou case inexistentes, salvo as excepcións puntuais comentadas.

### **Concreción de Obxectivos**

Este apartado ten que ver co establecemento de obxectivos de mellora, que deben ser operativos, concretos e precisos e conducentes á procura do equilibrio entre a mellora razoable e a conciencia do posible dentro do ámbito de actuación do centro educativo e do seu profesorado para marcar as posibilidades de éxito.

O obxectivo común a todas as linguas que conflúen no noso PLC é ambicioso:

*Facer das linguas estudadas no noso centro, linguas en uso, a través dun contacto real e pracenteiro, chegando a acadar a comprensión de expresións cotiás de uso frecuente que posibiliten satisfacer as necesidades básicas relacionadas coa socialización e a convivencia, coa finalidade de desenvolver todos os coñecementos do alumnado, ademais das capacidades lingüísticas propias do estudo de cada lingua, a través dunha disposición positiva á aprendizaxe continuada de cada lingua e procurando a accesibilidade do currículo a todo o alumnado, no marco da Escola Inclusiva Moderna, relacionados coa atención á diversidade lingüística e cultural e en relación ás competencias básicas.*

Este gran obxectivo inclúe ter en conta e participar no desenvolvemento doutros proxectos realizados no noso centro, como son o Proxecto da Biblioteca Escolar, o Plan de Lectura, o Plan TIC e o Programa de Actividades Extraescolares, entre outros, e que máis adiante veremos especificados.

Nas medidas de normalización que propoñemos (1º grupo, véxase o punto seguinte) e aplicables como indicador de éxito, os obxectivos que podemos procurar son:

1. Procurar a unidade nos criterios dos proxectos que implican ás linguas e o seu tratamento nos diferentes documentos do centro (programas, proxectos, propostas, etc.) nun só documento, o presente, procurando unir esforzos entre toda a Comunidade Educativa.
2. Continuar co desenvolvemento de certames e concursos relacionados coas linguas e a súa promoción (p .e. procura do tesouro en linguas estranxeiras, concursos de preguntas e respostas en diferentes linguas, etc.).
3. Poñer a disposición de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, concello, etc.) ferramentas de corrección ortográfica, dicionarios, tradutores e material didáctico nas linguas estudadas no centro, en formato físico ou dixital (en distintos espazos do centro ou na nube).

Respecto ás medidas de comunicación que propoñemos (2º grupo, véxase o punto seguinte) e aplicables como indicador de éxito, os obxectivos que imos procurar son:

1. Potenciar a realización de exames orais (sobre todo nas materias relacionadas coas linguas).
2. Elaborar e desenvolver obras teatrais nas diferentes linguas por parte do alumnado e propiciar a súa exposición pública, así como realizar sesións de contacontos bilingües e pequenas dramatizacións en linguas estranxeiras.
3. Desenvolver actividades relacionadas coa lectura colectiva e oral, a través do desenvolvemento de foros de discusión (p. e. clubs de lectura, grupos de debate, obradoiros de conversa baseados en role-play, etc.) sobre temas de actualidade e de interese para o alumnado ou as familias, atendendo á importancia da retórica como exercicio académico útil entre seres educados e respectuosos.
4. Potenciar visitas programadas das familias do alumnado que falen linguas estranxeiras, animando a desenvolver sesións de contacontos ou a exposición de experiencias propias nesas linguas.

Respecto ás medidas de plurilingüismo que propoñemos (3º grupo, véxase o punto seguinte) e aplicables como indicador de éxito, os obxectivos que procuramos son:

1. Procurar unha interacción oral mínima diaria: saúdo, cortesías, preguntas cotiás.
2. Sinalizar as zonas comúns e aulas concretas con carteis nas linguas deste proxecto, en función dalgún programa de aprendizaxe concreto.
3. Procurar a interacción con persoas estranxeiras en contextos escolares similares noutros países, co fin de propiciar o desenvolvemento escrito e oral das linguas (intercambio de experiencias por correo postal, e-mail, uso de páxinas web ou blogs interactivos, uso de videoconferencia, etc.).

### **Indicacións de éxito**

A intencionalidade deste proxecto é acadar os obxectivos propostos, por iso, debemos indicar que accións a curto, medio e longo prazo, imos procurar, ademais de facelas constar por etapas e niveis educativos. Ademais, debemos sinalar que estes prazos son aproximados, teñen un carácter aberto e ao mesmo tempo queren ser precisos, polo que é posible que se acaden uns antes do previsto e outros precisen de máis tempo para o seu asentamento e consolidación na Comunidade Educativa.

Cando nos referimos “a curto prazo” entendemos que se pode realizar a tarefa que implica ese obxectivo nun prazo aproximado de entre tres e seis meses, cando nos referimos “a medio prazo” entendemos que é posible que se precise ata un curso completo para acadar o desenvolvemento do seu obxectivo. Cando falamos de “a longo prazo” entendemos que procuraremos que as tarefas que implican o obxectivo sexan perdurables no tempo. Cada unha das accións a realizar é diferente, así como os axentes e materiais que debemos implicar en cada caso.

Para acadar os fins que se propoñen neste PLC consideramos accións que van parellas ao desenvolvemento das seguintes medidas (Ferrer, 1997; Gómez y Arcos, 2007):

#### **A. Medidas de normalización**

Teñen que ver con aquelas que se veñen desenvolvendo tendo en conta as leis que nos rexen e que vimos traballando. Son todas as medidas que parten de procurar unha equidade no alumnado, pero tamén no profesorado que desenvolve estas actividades.

A normalización pasa pola decisión da lingua vehicular e da súa presenza no currículo, así como da utilización das outras linguas. Neste sentido está proxectado o documento de Dinamización da Lingua Galega que se refire fundamentalmente á convivencia entre o galego e o castelán, como linguas vehiculares de uso común en Galicia.

Consideramos que, por lei, cumprimos co establecido, procurando unha equidade entre as linguas, tendo sempre presente a necesidade de implicar a lingua galega, ademais de no quefacer cotiá, na realidade social e cultural á que ás veces está relegada, por non ser unha lingua de maiorías.

- a) *Acción a curto prazo*: creación dun proxecto das linguas común. Esta acción implica a toda a Comunidade Educativa.
- b) *Acción a medio prazo*: realización de certames e concursos. Esta acción implica as etapas de infantil, primaria e secundaria.
- c) *Acción a longo prazo*: disposición de ferramentas lingüísticas para toda a comunidade educativa. Esta acción implica aos departamentos de linguas e de TIC.

#### B. Medidas de comunicación

Unha lingua viva ten sentido no momento en que existen situacións que a diario nos levan a procurar un coñecemento, fluidez de desenvolvemento intercomunicativo entre os individuos do centro a través desa lingua.

A escola sempre ten en conta a lectura como a tarefa de comunicación básica e primordial, como medio comunicativo das tarefas a desenvolverse como individuo,... Neste sentido, a oralidade debe ir parella á escrita, como un factor creativo e preciso, no que a escola tamén debe incidir. A través do desenvolvemento da lectura debemos procurar discusión e análise dos contidos, para acadar a comprensión da mesma (Chamorro y Fernández, 2007).

Este proxecto pode axudar a poñer en común o que xa se vai recollendo nos diferentes documentos, e neste sentido, afianzar os conceptos de comprensión (lectora e oral), de expresión (escrita e oral), de interacción (conversa e mensaxería) e alfabetización (hipertextual, hipermedia e ALFIN).

- a) *Acción a curto prazo*: realización oral de determinados exames de linguas. Esta acción implica aos Departamentos de Linguas e etapas de infantil, primaria e secundaria.
- b) *Acción a medio prazo*: desenvolvemento e presentación pública de obras de teatro. Esta acción implica ás etapas de infantil, primaria e secundaria.
- c) *Acción a longo prazo*: creación de grupos de discusión en torno á lingua (p. e. clubs de lectura, grupos de debate, etc.). Esta acción implica ás etapas de infantil (familias “escola de nais e pais”), primaria e secundaria.

### C. Medidas de plurilingüismo

A abordaxe da idea de plurilingüismo é algo máis delicada e comprende a necesidade dunha implicación profunda por parte da comunidade educativa. É o que se vén denominando currículo integrado, pois considera as diversas linguas educativas e de ensino que están presentes no proceso de ensino-aprendizaxe. No caso do noso centro podemos falar do galego, o castelán, o inglés e o francés. A nosa realidade como a de tantos centros galegos é que esta convivencia, desde o punto de vista organizativo, en realidade non é tal, xa que cada unha se desenvolve sen ter, a priori, conciencia das demais. A realidade é que aínda que o profesorado non desenvolva esta relación entre as linguas o alumnado si realizará estas relacións. Debemos procurar que o traballo pedagóxico lles propicie o mellor camiño posible para que teñan lugar estas relacións e que sexan enriquecedoras.

Metémonos aquí no que se denomina AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras, no contexto inglés, CLIL e no francés EMILE). A súa metodoloxía parte de beneficios como a naturalidade, o incremento da motivación ou a autenticidade dos materiais (Fernández, 2001), perspectiva que circula nos dous sentidos, desde as áreas lingüísticas ás non lingüísticas e viceversa (Trujillo, 2011), de certo que todas as materias poden abordar o contido das linguas estranxeiras dentro do seu propio contexto de desenvolvemento e obxectivos.

Neste sentido, pensamos que dentro deste grupo podemos considerar os traballos que se veñen desenvolvendo dentro do proxecto de Plurilingüismo no que se inclúe este centro. E no que incluimos a intervención da materia de plástica nunha lingua estranxeira (inglés).

Procurar este camiño é un proceso arduo e de múltiples complexidades, polo que presentamos este proxecto como tal, un documento en proceso de revisión continua, pois o estado de plurilingüismo non é definitivo nin de aparición repentina no currículo do Centro Educativo. Este proxecto preséntase como un camiño de posibilidades e expectativas que formula os obxectivos que parten do traballo das actitudes, dun achegamento lúdico ás linguas, da creación de entornos lingüisticamente estimulantes, socialización, etc.

Podemos considerar o nivel de implicación do profesorado deste centro como alto se contamos o número de proxectos que aquí se perfilan e que se veñen desenvolvendo en relación á idea de plurilingüismo, así como do número de docentes que se forman en linguas.

- a) Acción a curto prazo: desenvolvemento de interaccións orais diarias espontáneas e sinalizar as zonas comúns. Esta acción implica a infantil, primaria e secundaria.
- b) Acción a medio prazo: desenvolvemento de proxectos de bilingüismo e plurilingüismo. Esta acción implica á etapa de primaria, actualmente. Non se descarta que no futuro se puidera ampliar á etapa secundaria.
- c) Acción a longo prazo: creación de redes de comunicación para o intercambio de correo postal, e-mail, uso páxinas web ou blogues interactivos, uso de videoconferencia, etc. Esta acción implica ao Departamento de TIC e aos de linguas, así como ás etapas de infantil, primaria e secundaria.

### 3. Propostas de actuación

As propostas de actuación son presentacións claras para acadar os obxectivos propostos tanto nas aulas como no centro e en relación co entorno e as familias. Para presentar tal contido, neste epígrafe trataremos de especificar unha posible secuencia de traballo en función das propostas, as persoas implicadas (estudantes, profesorado, familias e axentes externos), a temporalización, os recursos necesarios e os indicadores que se deben observar e analizar para considerar como exitosa ou non a acción proposta e desenvolvida.

#### **Medidas de actuación dentro do centro**

As tarefas que aquí se presentan son medidas que deben estar incluídas nas parcelas correspondentes dentro das Programacións de Nivel ou Departamento, así como tamén, deben aparecer nos Programas relacionados coas linguas.

#### **Os proxectos lingüísticos**

Os **Proxectos Lingüísticos** son un importante pulo para o traballo docente, posibilitan unha formación específica, tempos para desenvolvelos e preparalos, así como para a xestión do traballo, ademais de procurar accións claras na organización interna do centro, etc. Neste sentido, o noso centro ten aproveitado estas ocasións en beneficio do seu alumnado, e pretende seguir o desenvolvemento deste tipo de proxectos, participando activamente nos mesmos.

Os proxectos nos que está implicado o noso centro son:

- PROXECTO DE PLURILINGÜISMO en primaria (na materia de plástica dentro da área de educación artística), con posibilidade de ampliar a secundaria.



As accións específicas están detalladas no propio proxecto de plurilingüismo. Durante o curso 2010-11 iniciouse o proxecto en 1º de primaria, agora esténdese á toda etapa. Ademais, este programa posibilita unha sesión semanal para levar a cabo cunha asistente de conversa, que neste caso traballa en beneficio da etapa de primaria e secundaria, nas clases da materia de inglés.

Neste proxecto están implicadas unha coordinadora do mesmo (profesora de inglés) e profesores e profesoras que imparten plástica nos niveis de primaria. É un proxecto revisado anualmente e no que se procura a súa continuidade ampliando a actuación a outras etapas.

Existe, ademais, a posibilidade de desenvolver proxectos que impliquen especificamente a colaboración entre o Departamento de Lingua Francesa (situado en secundaria) e o profesorado de 6º de Primaria, nun proxecto denominado “Proxecto de adiantamento da impartición da materia de lingua francesa a primaria no CPI. Antonio Orza Couto”, sendo desexable que este proxecto se integre no desenvolvemento dunha Sección Bilingüe nos anos próximos.

O desenvolvemento deste proxecto de plurilingüismo implica especificamente ao profesorado que o integra, se ben, é imperativo colaborar se así o precisaran por parte doutros membros da Comunidade Educativa.

- PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA é un documento que procura o desenvolvemento equilibrado das linguas dentro do centro educativo.

Este proxecto inclúe o desenvolvemento de tarefas nas que está implicado todo o centro, dunha ou outra maneira, algunhas están destinadas a niveis específicos e outras teñen un carácter máis amplo de acción. En todo caso, podemos destacar que este proxecto pretende procurar a convivencia entre as dúas linguas de interacción coas que os galegos podemos comunicarnos, o galego e o castelán.

Na etapa infantil o uso das linguas é sobre todo oral e a interacción entre elas queda reflectida en dito documento, coas tarefas cotiás, de lecer, de uso da biblioteca, etc.

Este proxecto contempla, tamén, a creación e desenvolvemento dun blogue, que na actualidade está na fase de actualización e renovación, a continuación do traballo de realización da revista escolar “Pico Sacro” en versión impresa e dixital, e a participación e desenvolvemento de concursos como “Tíralle da lingua” (certame externo) ou “Sentir en Galego” (certame interno). Ademais, participa activamente nas actividades extraescolares (Samaín, Magosto, Entroido, Semana das Letras Galegas, etc.) con contacontos bilingües e en galego, actividades lúdicas, exposicións sobre a tradición popular, etc.

Neste sentido, podemos continuar e crear novos certames e concursos, nunha liña de acción que implique ao profesorado de todo o centro e ao seu alumnado. Neste mesmo espazo, este equipo pode iniciar a labor de recompilación e deseño para mellor distribución dos materiais que teñen que ver coa disposición de ferramentas lingüísticas de utilidade para toda a Comunidade Lingüística (véxase máis adiante a colaboración entre departamentos, en relación ao uso das TIC).

Estas son accións que, dentro do propio documento é posible estruturar ao longo do ano, por trimestres ou, en concreto, no tempo que dura cada actividade (ver doc. 6 da Programación Xeral Anual).

### **Os outros proxectos/programas educativos do centro**

O PLC pretende estar a disposición de toda a Comunidade Educativa, ser o eixo que axude a traballar as linguas de maneira coordinada. Ao mesmo tempo, o propio PLC debe beber das iniciativas dos demais proxectos ou programas que se desenvolven no noso centro educativo, procurando dúas accións fundamentais, enriquecer coas súas achegas os proxectos dos que se alimenta, alimentándoo á súa vez, e desenvolver unha inclusión completa e real das linguas, no seu uso e desenvolvemento dentro e fóra do centro educativo.

Entre outras existen catro propostas que se veñen desenvolvendo no centro, e que son interesantes para o desenvolvemento da competencia lingüística:

- **OS DEPARTAMENTOS DE LINGUAS, AS PROGRAMAMACIÓNS DIDÁCTICAS ANUAIS E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

Os propios departamentos de linguas e o establecido, desde a coordinación de ciclos e departamentos, nas programacións anuais, nas que se establecen, tamén, o desenvolvemento das linguas, están presentes no noso empeño por aglutinar toda documentación relativa ao tema neste proxecto, pois ten un carácter global e polo tanto, integrador da realidade lingüística do noso centro. Estas son accións que, dentro do propio documento é posible estruturar ao longo do ano, por trimestres ou en concreto, no tempo que dura cada actividade (véxase doc. 6 da Programación Xeral).

Parece imperativo considerar a necesidade da realización oral de determinados exames relacionados coas linguas, pola importancia da oralidade na comunicación pero sobre todo, por observar esta necesidade na avaliación diagnóstica. Esta acción implica aos Departamentos de Linguas, así como tamén, ás etapas de infantil, primaria e secundaria. Neste sentido, manifestamos o noso desexo de que o centro procurará que o número de alumnas/os por grupos sexa o máis reducido posible, propiciando desde a Xefatura de Estudos, o desdoblamento de cursos para a realización de actividades relacionadas coas linguas, sempre considerando os recursos dispoñibles.

Así, o desenvolvemento de interaccións orais diarias espontáneas está garantido dentro da propia aula, pero tamén na recepción do alumnado e na despedida, onde é pertinente un protocolo básico de educación, no que é posible a interacción con fórmulas estándar nas distintas linguas. Neste caso, intervén todo o profesorado procurando implicar así mesmo á Comunidade Educativa. Os Departamentos de Linguas poden facilitar ao resto da Comunidade Educativa materiais de achegamento inicial ás linguas con contidos básicos relacionados coa interacción das persoas na vida diaria: protocolos para o saúdo e a despedida, cuestións básicas, etc.

En concreto, a etapa de primaria ven desenvolvendo dúas probas orais por trimestre coa auxiliar de conversa. O propósito é desenvolver a capacidade de auto valoración e mellora na comprensión oral e escoita dunha persoa nativa en lingua inglesa, así como desenvolver no alumnado a procura de estratexias para lograr unha maior comprensión e comunicación, ao longo do curso.

Ademais, realízanse intercambios de cartas cun colexio de Oxford: “St. Helen e St. Katherine”. En concreto escríbense tres cartas ao ano (unha por trimestre). O propósito é mellorar o “reading” e o “writing”. Preténdese que no próximo curso se realice vía e-mail ou incluso video conferencia (ampliando o propósito á “listening” e “oral”. Outro propósito que se acada é a mellora do autoconcepto e a procura dunha adecuada autoestima así como a interacción social e humana que este tipo de comunicacións propician.

Os Departamentos de Linguas xogan un papel fundamental na dinamización das linguas: é posible xestionar un programa destinado á sinalización das zonas comúns, a través do desenvolvemento de actividades que impliquen ao alumnado e tamén ao resto da Comunidade Educativa. Ademais, coa colaboración de axentes específicos (partindo da titoría, dunha coordinación de ciclo, etc.) poden xestionar a creación de redes de comunicación para o intercambio de correo postal, e-mail, uso de páxinas web ou de blogues interactivos, uso de vídeo conferencia, etc. Estas accións implican, necesariamente, da colaboración entre as etapas de infantil, primaria e secundaria.

No Plan Anual de Actividades Extraescolares e Complementarias detállanse, ademais, actividades colectivas, saídas e eventos escolares nas que especificamente se traballa a lingua francesa (viaxes, correspondencia, etc), a lingua inglesa (Hawollen, Samaín, Christmas, Easter, correspondencia, etc) e galega (Entroido, Letras Galegas, Xogos Populares, etc.), nas que o uso das linguas están presentes.

Neste sentido, tamén remitimos a estes documentos para ver o relativo ás linguas.

- O PLAN DE LECTURA E DA BIBLIOTECA DO CENTRO EDUCATIVO

Actualmente o centro educativo conta cun plan integral de mellora dos espazos e dos contidos da Biblioteca escolar (fondos), mesmo coa finalidade de chegar a desenvolver tarefas que impliquen a utilización destes espazos por parte do resto da Comunidade Educativa (ademais de profesorado e alumnado). Neste sentido, este proxecto anima a que desde a biblioteca adquiran e faciliten contidos relacionados coas linguas, como é a disposición de ferramentas lingüísticas para toda a comunidade educativa. Esta acción implica, neste caso, por unha banda, a colaboración dos departamentos de linguas para facilitar as mellores ferramentas, e pola outra, que a propia biblioteca chegue a facilitar o acceso a estas ferramentas, en formato impreso ou dixital.

O plan de lectura, que se realiza a diario, pode incluír a lectura de libros en diferentes linguas, non só nas linguas vehiculares, sobre todo, se esta sesión coincide cun profesor de linguas estranxeiras.

Ademais, desde a biblioteca é posible dinamizar a creación de grupos de discusión ó redor das e coas linguas (p. e. clubs de lectura, grupos de debate, etc.). Esta acción implica a intervención e apoio do profesorado das diferentes etapas. Ademais cabe a posibilidade de realizar accións que vinculen directamente ás familias co desenvolvemento de prácticas educativas nas que se sintan implicados, como a que puidera realizarse desde unha “escola de nais e pais”.

A propia biblioteca, desde a súa acción global pode iniciar accións para crear un grupo de teatro, para o desenvolvemento e presentación pública de obras de teatro en diferentes linguas, de carácter interxeracional, e mesmo que impliquen a diferentes axentes da Comunidade Educativa. Nesta tarefa, os departamentos de linguas deben estar presentes no asesoramento lingüístico para garantir a calidade oral e a comprensión literaria que esta acción implica.

Pensamos que a biblioteca é un espazo vital de coñecemento, e debe dispoñer dos materiais precisos e de actualidade relacionados coas linguas, tanto para a formación do alumnado como para a formación do profesorado e da súa actualización. Neste sentido, os fondos bibliotecarios relacionados coas linguas deberan incluír materiais didácticos e de estudo, materiais de divulgación, como revistas e xornais, así como novelas, relato curto, contos, etc., nas diferentes linguas estranxeiras.

- **USO DAS TIC E EDUCACIÓN MEDIÁTICA**

O Departamento de TIC xoga, neste proxecto, un papel fundamental, por unha banda, no propio uso das TIC (en función das posibilidades que se van ampliando ano a ano neste centro, polo acceso á rede virtual, a adquisición de recursos TIC modernizados, etc.) no desenvolvemento de tarefas que axuden tanto ás/aos docentes como ao alumnado (nunha fase inicial) a crear e usar entornos virtuais, como á creación de blogues con finalidade didáctica e/ou comunicativa, o uso da páxina web do centro educativo, o uso do correo electrónico, ademais, de propiciar canles por parte da Comunidade Educativa, e incluso, a creación de espazos libres para a navegación por Internet dentro do centro educativo (nunha segunda fase de desenvolvemento).

- **PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EDUCATIVOS EUROPEOS**

Neste momento o centro educativo traballa na elaboración desde documento, o Proxecto Lingüístico de Centro, dentro da proposta do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos consensuada coas Comunidades Autónomas para a promoción do plurilingüismo e a mellora da competencia en comunicación lingüística (véxase ao respecto o enlace: <http://proyectolinguisticodecentro.es/los-centros-del-plc/>).

- **INVESTIGACIÓN ACCIÓN MEDIANTE O USO DOPEL**

Contéplase a posibilidade de utilizar esta ferramenta para a xestión da avaliación de partes ou da totalidade deste proxecto, pois consideramos a súa utilidade como unha posibilidade máis para o seu desenvolvemento e autoaprendizaxe.

### **Medidas de actuación fóra do centro**

As medidas de actuación que se veñen desenvolvendo fóra do centro, realízanse no amparo da lexislación existente.

Neste sentido, o centro realiza programas para o alumnado onde está implicado o profesorado directamente, e por outra banda, participa na divulgación e acceso a espazos e materiais para o desenvolvemento de actividades que fomenta e realiza o Concello e/ou a Anpa.

Nos programas que parten da/o docente para o seu desenvolvemento, en cursos anteriores, este centro ten participado en distintas convocatorias que implican o desenvolvemento lingüístico fóra do centro educativo, non se descarta que no futuro poidamos volver participar, como poden ser:

- a) A participación no Programa de Inmersión Lingüística, consistente na elaboración dun proxecto cunha serie de actividades a levar a cabo co alumnado e a posterior inmersión durante unha semana nun centro fóra con profesorado nativo e compartindo experiencias con alumnos doutros centros.
- b) A participación en intercambios.
- c) Parte do alumnado do centro participa nas actividades de Formación en Linguas estranxeiras convocadas pola Consellería de Educación.

Nos programas que parten co Concello e/ou a Anpa para o seu desenvolvemento, véñense realizando actividades de formación para o alumnado desde o curso 2010-11:

- a) con profesorado nativo, dentro do programa de intercambios xestionado polo Concello.
- b) Clases de inglés. Para todas as etapas fóra do horario lectivo (tal e como xa se indica máis arriba).

#### **4. Persoal implicado, recursos necesarios e temporalización**

O PLC debe especificar os recursos cos que conta, neste sentido, estes estrutúranse en persoal humano e recursos materiais e inmateriais.

##### **Persoal implicado**

O PLC, como se pode intuír polas propostas de actividades que nel se propoñen e os obxectivos que se procuran, implica a todo o profesorado deste centro, dun modo máis ou menos directo. Ben é certo que, nalgúns casos require de modo específico algúns profesionais, para completar con éxito unhas parcelas concretas en función do programa a traballar.

Este centro conta cunha importante achega humana. Por unha banda, nas etapas de educación infantil e primaria, conta con dúas especialistas en inglés. Por outra banda, e á vista dos proxectos que integran este, dentro do cadro docente de primaria, contamos con profesorado formado en linguas con adecuadas cualificacións para impartir as linguas estranxeiras dentro de programas de inclusión, ademais contamos c unha profesora de francés na etapa de primaria. A etapa de secundaria conta con especialista de inglés e de francés.

Ademais, nos últimos anos, a formación docente da maior parte do profesorado deste centro, en calquera das etapas nas que exerce, estase focalizando á aprendizaxe e actualización das linguas estranxeiras, a través dos medios que se facilitan desde a Administración Educativa.

Por outro lado cun auxiliar de conversa que traballa nas etapas de primaria e secundaria.

### **Recursos necesarios**

Os recursos necesarios atópanse encadrados dentro de cada Departamento ou Comisión Pedagóxica, neste sentido, están descentralizados e a intención do PLC é poñelos en común e a disposición da Comunidade Educativa, sen prexuízo de que a súa xestión se realiza sempre desde a disposición das/os súas/seus coordinadoras/es ou dinamizadoras/es.

Por unha banda, dispoñemos dos materiais bibliográficos, didácticos e de divulgación que poidan facilitarse desde a Biblioteca. Ademais, contamos con materia is didácticos e de aprendizaxe das linguas nos Departamentos de cada Lingua. Por outra banda, existen materiais dixitais de acceso libre en Internet, que podemos consultar en diferentes espazos educativos (biblioteca, salas de informática, aulas ordinarias, etc.).

Ademais, procuramos facer partícipe á Comunidade Educativa, construíndo un espazo de convivencia e intercambio no que pode existir un feed-back no tema dos recursos no noso centro educativo e no seu entorno.



### Temporalización

A temporalización establécese en relación a cada unha das propostas de tarefas que se propoñen neste PLC, en cada caso se van especificando. A continuación presentamos unha táboa que ilustra o proceso temporal.

ACCIÓNS CONCRETAS	Curto Prazo	Medio Prazo	Longo Prazo
Certame de creación	X		
Concurso de preguntas e respostas		X	
Xogo da procura do tesouro		X	
Elaboración dun repositorio de ferramentas de corrección ortográfica, dicionarios, tradutores, etc.			X
Representacións e dramatización de obras teatrais e contacontos		X	
Clubes de lectura	X		
Grupos de debate	X		
Obradoiros de conversa baseados no role-play.	X		
Lectura colectiva	X		
Visitas programadas		X	
Interaccións espontáneas coas linguas: saúdo, etc.			X
Sinalización de zonas comúns		X	
Comunicación (oral ou escrita) a través do intercambio de cartas, e-mails ou videoconferencia.	X		
Probas de nivel oral	X		

As medidas, que se encadran dentro dunha temporalización concreta en relación á súa concreción, son medibles, tamén en relación á continuidade/repetición/perpetuación ao longo dos meses e os anos. Neste senso, unha medida que se presupón como a desenvolver nun curto período de tempo, como se presupón unha proba oral, pode ser considerada a longo prazo, se esta medida se periodiza ao longo dun ano e se valora dentro da evolución que a/o alumna/o ten dentro dun ciclo educativo, por exemplo.

## 5. Mecanismos e indicadores de avaliación

A avaliación é un mecanismo para a mellora do PLC, realízase para regular a consecución dos obxectivos do proxecto e detectar as dificultades que existen no seu desenvolvemento ou en parte do mesmo, coa finalidade de procurar vías de acción diferentes que conduzan á mellora e desenvolvemento máis adecuado do mesmo.

Desde este punto de vista, a avaliación diagnóstica do PLC é a base para a toma de decisións na procura da mellora da competencia en comunicación lingüística, de aí a importancia deste punto neste proxecto para a proposta de obxectivos e desenvolvemento de tarefas.

Valoración do nivel de innovación (orixinalidade, concreción, compatibilidade coas prácticas habituais).

### **Auto avaliación dos resultados do proxecto**

Para o desenvolvemento deste punto poderemos utilizar o PEL ou portfolio, que é un mecanismo de recolla de datos a partir da utilización dun entorno persoal de aprendizaxe de cada alumna/o, constituíndose como un reflexo da súa competencia lingüística.

Ademais, tomaranse as medidas avaliativas que se consideren, vistas neste documento, para o desenvolvemento dunha auto avaliación do proxecto conducente á súa mellora.

### **Indicadores de avaliación**

#### **Para o proxecto**

Son os indicadores que nos van dicir se as diferentes actuacións son eficaces:

#### 1. Unidade dos proxectos de centro no PLC:

- Acadouse a unidade de criterios dos proxectos que implican ás linguas e o seu tratamento nos diferentes documentos do centro a través do PLC?

#### 2. Certames e Concursos:

- A participación dos certames e concursos relacionados coas linguas e a súa promoción foi aceptable?
- As/Os implicadas/os na participación como valoran a súa interacción (mal, regular, ben)? Por que?

3. Ferramentas de corrección das linguas:
  - Cal foi o interese/uso da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, concello, etc.) das ferramentas de corrección ortográfica, dicionarios, tradutores e material didáctico nas linguas estudadas no centro?
  - Cal foi o formato máis utilizado?
4. Exames orais:
  - Obsérvase unha mellora da oralidade ao aumentar a súa produción?
5. Obras teatrais, sesións de contacontos e pequenas dramatizacións:
  - A exposición pública por parte do alumnado incide nunha mellor competencia da súa oralidade nas diferentes linguas?
6. Foros de discusión (p. e. clubs de lectura, grupos de debate, obradoiros de conversa baseados en role-play, etc.) de interese para o alumnado ou as familias:
  - A través da lectura colectiva e a oralidade, da retórica e das relacións respectuosas, incide na competencia lingüística do alumnado, a través, incluso, das familias?
7. Visitas programadas (p. e. saídas, das familias do alumnado que falen linguas estranxeiras, etc.):
  - Posibilitan un mellor autoconcepto da persoa e motivan no desenvolvemento dunha competencia lingüística?
8. Interacción oral diaria:
  - saúdo, as cortesías, ou as preguntas cotiás en linguas estranxeiras axudan a que o alumnado teña interaccións en linguas estranxeiras e aumenten a súa competencia oral?
9. Sinalización de zonas comúns e/ou aulas concretas nas linguas deste proxecto:
  - Contribúe á competencia escrita a visualización continuada dun vocabulario concreto nunha lingua nun tempo establecido?

10. Interacción con persoas estranxeiras en contextos escolares similares noutros países:

- Propicia o desenvolvemento escrito e oral das linguas o intercambio de experiencias por correo postal, e- mail, uso de páxinas web ou blogues interactivos, uso de videoconferencia con persoas nativas noutras linguas, etc.?

**Para o alumnado**

Son os indicadores que nos posibilitan coñecer a eficacia e as accións de cada individuo. En todos os casos realizarase unha análise do coñecemento específico adquirido:

1. Unidade dos proxectos de centro no PLC:

- ✓ Análise cuantitativa e cualitativa en relación a cada programa descrito.

2. Certames e Concursos:

- ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
- ✓ Valoración dos implicados directos no desenvolvemento dos eventos.

3. Ferramentas de corrección das linguas:

- ✓ Utilidade das ferramentas a través dunha análise de frecuencia de uso (a través do rexistro no carné da biblioteca de cada alumno).

4. Exames orais:

- ✓ Análise da avaliación continua de cada alumno.

5. Obras teatrais, sesións de contacontos e pequenas dramatizacións:

- ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
- ✓ Valoración dos implicados directos no desenvolvemento dos eventos.

6. Foros de discusión (p. e. clubs de lectura, grupos de debate, obradoiros de conversa baseados en role-play, etc.) de interese para o alumnado ou as familias:
  - ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
  - ✓ Valoración dos implicados directos no desenvolvemento dos eventos
  
7. Visitas programadas das familias do alumnado que falen linguas estranxeiras:
  - ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
  - ✓ Valoración dos implicados directos no desenvolvemento dos eventos
  
8. Interacción oral diarias:
  - ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
  
9. Sinalización de zonas comúns e aulas concretas con carteis nas linguas deste proxecto:
  - ✓ Observación da interacción de cada alumno ou grupo de alumnos cos carteis.
  - ✓ Análise do uso que fan deles e análise posterior a retiralos.
  
10. Interacción con persoas estranxeiras en contextos escolares similares noutros países:
  - ✓ Observación da interacción que se produce nestes eventos de cada alumno ou grupo de alumnos.
  - ✓ Valoración dos implicados directos no desenvolvemento dos eventos

### **Propostas de mellora**

Unha vez posto en marcha este proxecto e finalizado un ano académico, recolleremos os datos relativos ao punto 7 (sobre os mecanismos de seguemento e avaliación) e prestando atención aos resultados obtidos procederemos a considerar diferentes propostas conducentes a mellorar este proxecto.

#### **6. Propostas de formación do profesorado**

As propostas de formación do profesorado deben posibilitar a acción eficaz das propostas do proxecto. Esta formación implica a práctica reflexiva, o uso do portafolio do docente, a análise de observación en aula, etc.

En todo caso, o centro educativo facilita a realización das actividades formativas do profesorado e incluso colabora na disposición de materiais no propio centro para o seu desenvolvemento.

O profesorado do CPIP Antonio Orza Couto, ademais dispón e utiliza os mecanismos de formación que están ao seu alcance, a través dos diferentes proxectos formativos e canles de formación que propicia a Administración Educativa:

- Convocatoria de prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- Convocatoria de cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) en inglés e francés.
- Actividades de formación do Centro de Formación e Recursos.
- Realización de Grupos de Traballo (xestionados desde o CAFI) para o desenvolvemento de formación específica do centro.

## 7. **Mecanismos de seguimento e avaliación**

### **Memorias**

As memorias que para este proxecto teñen unha finalidade, a revisión anual do PLC. Neste caso, é pertinente abordar unha elaboración múltiple das mesmas, a partir da xestión de coordinación que debe atopar un equilibrio entre a realización dos diferentes proxectos e programas, a estruturación dun seguimento de cada un deles e a unificación dos documentos avaliativos das/os axentes da Comunidade Educativa implicados, de sorte que entre todas/os realicen unha valoración conxunta do traballo realizado.

### **Memoria de desenvolvemento**

Esta inclúe a memoria de cada unha das tarefas, que nun importante número de casos, estarán integradas nas memorias ás que pertencen, como é o Equipo docente, os Departamentos de Linguas, os diferentes Departamentos...

Así, a/o coordinadora/or ou dinamizadora/or de cada órgano docente procurará achegar a parte da memoria que sexa de interese, sendo a/o coordinadora/or do PLC quen integre os contidos para a elaboración desta memoria. Procurará que a súa valoración sexa conxunta e nela intervirán o resto dos responsables de cada órgano docente.

Finalmente, esta memoria será coñecida pola Comunidade Educativa e á mesma, poderá presentar as súas achegas, na procura de mellora.

### **Memoria de autoavaliación**

A memoria de autoavaliación ten un carácter aberto, na que a/o coordinadora/or recollerá as achegas docentes e do alumnado, tal e como se indica nas bases para a realización deste documento. Así, pensamos que as achegas doutros membros da Comunidade Educativa poden contribuír tamén á mellora desde documento, pero sobre todo das súas tarefas, conducentes á adquisición da competencia lingüística en linguas estranxeiras e tamén nas linguas maternas.

Finalmente, esta memoria será coñecida pola Comunidade Educativa e á mesma, poderá presentar as súas achegas, na procura de mellora.

## **Informe de resultados**

### **Avaliación diagnóstica**

A avaliación diagnóstica, que se realiza como punto de partida para a realización da escrita deste proxecto, permítenos detectar as fortalezas e debilidades existentes, no momento actual e de carácter xeral, en relación á competencia en comunicación lingüística no noso centro, de maneira que os obxectivos e tarefas propóñense en relación a estes resultados.

Na actualidade o noso centro educativo presenta a seguinte imaxe:

O predominio en uso e importancia é a lingua galega, se ben co aumento da idade, a importancia recae sobre o castelán, pasando o galego a un terceiro posto. O factor de que predomine o galego é o carácter rural da zona xeográfica na que se atopa o centro educativo e ten carácter pexorativo que como centro educativo debemos reeducar, aínda sabendo que é unha cuestión social complexa. Este proxecto procurará, nesta liña de acción, animar a un cambio no concepto do valor da lingua, considerando a culturalidade do galego e a súa importancia na propia historia, para procurar que a súa merma en importancia diminúa.

En relación ás linguas estranxeiras, o francés no centro educativo cúrsase na ESO cun nivel de asistencia das  $\frac{3}{4}$  partes do alumnado de entre 12 e 16 anos, se ben, no centro educativo (CPI), é unha lingua minoritaria, respecto da aprendizaxe que se fai dela e respecto ás demais (inglés, castelán e galego), pois é inexistente na etapa infantil e primaria e obrigatoria só nos dous primeiros cursos da ESO, con porcentaxes que alcanzan o 76% en 1º e 2º de ESO e do 55% en 3º e 4º de ESO. En 3º e 4º ESO é optativa (con porcentaxes do 65,38% en 3º e do 53,33% en 4º). Neste sentido, o proxecto contempla accións concretas para aumentar o interese por esta lingua a partir da etapa primaria.

A lingua inglesa parece importante para as familias na etapa infantil, que recorren a mecanismos de aprendizaxe externo. Na actualidade non existen mecanismos para aumentar a incidencia do inglés nas aulas infantís e a interacción coa lingua inglesa no alumnado infantil límitase a unha sesión semanal.

Na etapa primaria, o proxecto contempla a continuación e inicio de proxectos que amplían os tempos de interacción do alumnado coa lingua inglesa. Ademais, para todas as etapas contemplamos o desenvolvemento de programas necesariamente de colaboración entre docentes, a través dos Departamentos e Equipos, para o desenvolvemento da oralidade, que é o factor máis baixo das competencias analizadas.

As actividades da Comunidade Educativa están circunscritas ao seu ámbito de acción e observamos que non existe interacción entre os distintos axentes



(Concello/Anpa/Escola). Algunhas das propostas deste PLC animan a realizar colaboracións, que se ben, inicialmente poden ser de carácter puntual, na medida en que teñamos un maior coñecemento do outro axente habemos de coller folgos para implicarnos cada vez un pouco máis.

### **Avaliación e autoavaliación do alumnado**

A avaliación e autoavaliación do alumnado debe ter en conta a análise dos presupostos de aprendizaxe dunha lingua (AICLE):

- a) A cantidade de exposición ás linguas estranxeiras, o que implica a posibilidade de ampliación de horario nas linguas estranxeiras a través dos proxectos de bilingüismo e plurilingüismo (etapa de primaria e secundaria). No caso da etapa infantil implica a valoración da iniciativa docente.
- b) A autenticidade do contexto: uso de contextos naturais e auténticos, espazos comúns e aulas ordinarias. Neste sentido, máis que a creación de espazos propios, o proxecto invita a desenvolver a tarefa de aprendizaxe das linguas entre todas/os, en calquera espazo, compartindo esforzo e materiais. É conveniente, en todo caso, dispoñer de espazos específicos (p. e. aulas de idiomas) abertos á Comunidade Educativa nos que realizar a xestión de tarefas e materiais.
- c) A mellora da capacidade cognitiva e da calidade da aprendizaxe, a través da aprendizaxe da lingua nunha materia non lingüística.
- d) A aprendizaxe incidental, desenvolvida a través de xogos, concursos, obradoiros, etc. Ademais, a dotación material (de coñecemento, de divulgación ou de entretemento, infantil, xuvenil e adulto) debe ser importante e interesante na Biblioteca Escolar.
- e) A motivación para aprender, ou o que é o mesmo ter unha necesidade comunicativa a través da lingua estranxeira, a partir do desenvolvemento, p. e. de experiencias comunicativas con alumnado da mesma idade doutros países, intercambios, etc.

Os criterios para a avaliación e autoavaliación do alumnado son:

- *Incidencia da cantidade de exposición ás linguas estranxeiras* : neste sentido realizarase unha escala que valore se existen diferenzas entre o alumnado con sección bilingüe/plurilingüe e o que non.
- *Utilización de contextos auténticos*: realizarase unha valoración cualitativa (por parte do alumnado e do profesorado) do uso dos espazos educativos, prestando atención a aqueles nos que se ten realizado algunha tarefa directamente relacionada co PLC.
- *Mellora da capacidade cognitiva e da calidade da aprendizaxe*: neste sentido valoraranse as notas xerais acadadas polo alumnado que asiste á sección bilingüe/plurilingüe.
- *Aprendizaxe incidental*, valoraranse de maneira cualitativa (por parte do alumnado e do profesorado) aquelas actividades que o alumnado realizara en relación a este tipo de aprendizaxe.
- *Motivación para aprender*, valoraranse o nivel de necesidade que teña espertado no alumnado as actividades relacionadas con este presuposto de aprendizaxe dunha lingua, a través dunha valoración cualitativa.

Os resultados obtidos servirán para conducir o proxecto á súa mellora mediante a eliminación, modificación ou consideración de continuación das tarefas propostas, así como a toma de decisión sobre tarefas de nova incorporación.

### **Avaliación e autoavaliación do profesorado**

A análise das tarefas desenvolvidas polo profesorado, en relación a cada proxecto, realízanse en función da aprendizaxe dunha lingua desde metodoloxías AICLE, neste sentido, no momento de avaliar, considerando cada unha das tarefas e obxectivos pretendidos, prestaremos atención:

- a) Creación de estratexias de comunicación para reforzar a comprensión de mensaxes sinxelas na lingua estranxeira, p. e. cambio de código (xestual, movementos, recursos visuais, auditivos ou multimedia).
- b) Atención á diversidade en función dos estilos de aprendizaxe ou da combinación de intelixencias múltiples mediante estratexias de ensino e tarefas de aprendizaxe multimodais e multisensoriais que impliquen unha variedade de sentidos e capacidades intelectuais.

- c) Desenvolvemento do nivel de colaboración entre o profesorado, que se desenvolve desde as achegas que cada unha/un realiza desde o seu Departamento/Ciclo a outros, cos fins establecidos neste proxecto.
- d) Desenvolvemento do nivel de capacitación en estratexias de aprendizaxe (Bernardo Gargallo López, 2000) tomadas en consideración para o desenvolvemento de tarefas neste proxecto, como son aprendizaxe autónoma, a responsabilidade na propia aprendizaxe, etc. O profesorado debe ter en conta os tres grupos de alumnado que pode atopar e as súas diferenzas, en función das que desenvolverá unhas ou outras estratexias de aprendizaxe:
- Alumnado con baixo rendemento académico: carece, en principio, de control, de habilidades de interacción social e de transferencia, sen autoeficiencia ou expectativas positivas e que utilizan estratexias motivacionais extrínsecas.
  - Alumnado de rendemento medio, que dispón de estratexias de autoeficacia, expectativas positivas e un certo nivel de estratexias de control/autorregulación.
  - Alumnado de rendemento alto, que dispón de estratexias de control, habilidades de interacción social e de transferencia, estratexias de autoeficacia e expectativas positivas.
- e) Atención á comunicación fronte á forma, dando importancia á capacidade comunicativa fronte á corrección lingüística.
- f) Desenvolvemento de actividades abertas, onde non ten que haber unha única posibilidade para resolver unha acción, e ademais, se valora a creatividade.
- Desenvolvemento de carteis de sinalización dos espazos do centro en distintas linguas.
  - Realización de exercicios de comunicación activa a través dunha interacción habitual nun período de tempo concreto: p. e. saudar cada mañá en inglés/francés.
  - Creación de foros e grupos de debate ó redor da lectura dun libro en lingua estranxeira, ou para o desenvolvemento dunha tarefa de carácter divulgativo (p. e. realizar un cartel, desenvolver unha obra de teatro, crear un entorno virtual)

- g) Uso de estratexias de andamiaxe (Vygotsky). En primeiro lugar, considerar as ideas do alumnado para desenvolver aprendizaxes novas, partindo de apoios temporais que axuden ao alumnado (sinais visuais, mensaxes repetidas, traballos en equipa, etc.), e en segundo lugar, tomar decisións sobre os momentos máis adecuados para ir retirando ditos apoios para propiciar autonomía, responsabilidade e control no propio alumnado en relación ás tarefas e ás aprendizaxes.
- Creación de espazos visuais para a aprendizaxe dunha lingua.
  - Administrar códigos para a comprensión de determinadas mensaxes nunha lingua, en contextos específicos enriquecidos.
  - Proporcionando información previa ao tratamento dun tema (vocabulario, elaboración de frases sinxelas, etc.) para facilitar a comprensión posterior na audición dunha obra de teatro (p. e.).
- h) Creación de foros e grupos de debate ó redor da lectura de historias/artigos/documentos en lingua estranxeira, ou para o desenvolvemento dunha tarefa concreta.
- Realizar unha tormenta de ideas para expresar, revisar ou achegar á linguaxe expresións, construción, palabras, etc., para falar sobre un tema concreto relacionado coas lecturas.
  - Aportar preguntas guía para a lectura.
- i) Flexibilidade na distribución do uso da Lingua estranxeira e da Lingua Materna, p. e. na etapa infantil introdúcense contidos específicos na lingua materna, a través da tarefas relacionadas coas rutinas (weather, etc).

Neste sentido, os criterios para a avaliación e autoavaliación do profesorado, que se realizará dun xeito cualitativo, dentro do marco deste proxecto, pasan por avaliar:

- *O nivel de colaboración desenvolvido (intra e inter etapas).*
- *O nivel de implicación individual e colectivo nas diferentes tarefas.*
- *O nivel de creatividade no desenvolvemento de tarefas.*
- *O nivel de asunción de tarefas individuais e colectivas.*
- *O nivel de crítica e autocrítica na participación de tarefas.*

## **8. Conclusións do PLC do CPI. Antonio Orza Couto**

Brevemente indicar algunhas apreciacións que calquera docente que se dispoña a levar a cabo parte ou a totalidade deste proxecto debe ter en conta:

- As pautas de traballo, xiran a redor da colaboración dos diferentes recursos humanos cos que conta o centro educativo, como concepto básico para acabar os obxectivos, que son comúns á toda Comunidade Educativa.

- A consecución adecuada deste proxecto é posible desde a acción conxunta dos diferentes proxectos que o conforman, sendo necesaria a xestión en paralelo e perpendicularmente dos mesmos a través deste documento, pero considerando as accións independentes que desde cada proxecto se realizan, tendo en conta os entes pertinentes (departamentos e equipos de traballo docente, así como da orientación, etc.) que se dispoñen para levar a cabo as propostas e accións concretas..

- Este é un proxecto a longo prazo que se define por pequenas accións realizadas a curto prazo, e empezarán a ser visibles a medio prazo. Desde un punto de vista práctico é necesario acoutar as tarefas educativas en tempos definidos, pero considerando a flexibilidade das accións que a curto prazo poden chegar a desenvolverse nun longo período de tempo, propiciando accións a longo prazo.

*Leis Referenciadas*

Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG 29/06/2007) polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG 25/05/2010) polo que se regula o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Orde do 12 de maio de 2011 (DOG. 20/05/2011) pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

Orde do 12 de maio de 2011 (DOG. 20/05/2011) pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia.